

OBSERVATORIO ASTRONÓMICO RAMÓN MARÍA ALLER (USC)

***ACTIVIDADES DIDÁCTICAS, DE
DIVULGACIÓN, DE INVESTIGACIÓN
E DE METEOROLOXÍA NO CURSO
ACADÉMICO 2024-2025***

Contido	Páxina
1. O telescopio refractor Steinheil.....	3
2. Sección de docencia.....	4
3. Prácticas de Astronomía IV Ciclo.....	5
4. Programa de Extensión Cultural de Astronomía.....	6
5. Alumnado en Prácticas Académicas Externas.....	9
6. Sección de divulgación.....	13
7. Visitas didácticas ao Observatorio.....	14
8. Saídas a diversos centros.....	23
9. Conferencias.....	26
10. Sesión pública da eclipse parcial de Sol.....	30
11. Sesións astronómicas previstas no verán.....	33
12. Sección de investigación.....	34
13. Organización de congresos.....	35
14. Participación a congresos.....	36
15. Estadías de investigación.....	38
16. Órbitas anunciadas.....	40
17. Bólido 19 de febreiro de 2025.....	44
18. Referatos.....	45
19. Adquisicións.....	45
20. Biblioteca.....	46
21. Contaminación Luminosa.....	47
22. Outras actividades.....	47
23. Sección de meteoroloxía.....	49
24. Páxina web.....	50



Figura 1: O telescopio refractor Steinheil, no centro da imaxe, leva xusto agora cen anos en Galicia. Mercado por Ramón María Aller en Alemaña, chegou a Lalín en 1925. Logo cando se construíu o Observatorio universitario foi trasladado en 1944 a Compostela. Doazón do Profesor Aller.

Sección de docencia

PRÁCTICAS DE ASTRONOMÍA IV CICLO



Figura 2: O Profesor Docobo e o Profesor José Ramón González Romay, acompañados polos integrantes da promoción 24-25 da materia de Astronomía de IV Ciclo.

Por mor das obras realizadas no Observatorio entre outubro de 2024 e de febreiro de 2025, neste curso académico non se levaron a cabo as prácticas do alumnado dos graos.

PROGRAMA DE EXTENSIÓN CULTURAL DE ASTRONOMÍA (P.E.C.AS.)

28/02/2025 – 31/03/2025: Organización da 26ª edición do Programa de Extensión Cultural en Astronomía (ofertado a 50 alumn@s da USC e a 10 particulares a través da Área de Cultura), con charlas, sesión de observación nocturna e do Sol. Validación dun crédito ECTS. Colaboración e Apoio Loxístico da Facultade de Óptica e Optometría.

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
Vicerreitoría de Estudantes e Cultura

Observatorio Astronómico Ramón María Aller
Programa de Extensión Cultural de Astronomía (26ª Edición)

ANO 2025

Máis información na dirección:
www.usc.gal/pecas



ECLIPSE SOLAR (1912). Ramón María Aller


- O Observatorio Astronómico da USC leva a cabo un programa de actividades ao longo do 2025
- Sesións de observación nocturna, observación solar, charlas e demais información.

INSCRICIÓN:

A) COMUNIDADE UNIVERSITARIA:
Por internet na páxina web do programa, días 24, 25 e 26 de febreiro
50 prazas

B) PÚBLICO EN XERAL:
Área de Cultura da USC
Tel: 881 81 11 03/ 881 81 10 18
area.cultura@usc.gal
días 24, 25 e 26 de febreiro
10 prazas

CONVALIDACIÓN DE 1 CRÉDITO PARA ALUMNADO DE GRAOS



Nebulosa dos Velos (2024). Francisco Javier García

**FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA**

**XUNTA DE GALICIA**





**Óptica VAL**

Figura 3: Cartaz da 26ª Edición do P.E.C.AS. 2025.

Os Profesores desta XXVI edición do PECAS foron: Prof. José Ángel Docobo (Director do programa), Luca Piccotti, Ángel Costas Castro, Francisco Javier Cerdán Núñez, José Ramón González Romay e David Area Castro. Foi convidado a Francisco Javier Cerdán Núñez, especialista en fotografía astronómica, como conferenciante.

A continuación, o programa desta XXVI edición do PECAS.

Sesión Inaugural

20:15 do día 27 de febreiro de 2025, Aula Magna da Facultade de Óptica e Optometría da USC.

Charla I: “Información Astronómica no Anuario do Observatorio Astronómico de Madrid” por José Ángel Docobo Durántez, Director do PECAS

20:15 do día 13 de marzo de 2025, Aula Magna da Facultade de Óptica e Optometría da USC.

Charla II “Fotografía astronómica de obxectos do ceo profundo” por Francisco Javier Cerdan Nuñez

20:15 do día 20 de marzo de 2025, Aula Magna da Facultade de Óptica e Optometría da USC.

Sesión de observación solar

Sesión de observación nocturna I

Sesión de manexo do planisferio

Sesión de observación nocturna II



Figura 4: De esquerda a dereita: O Profesor José Ángel Docobo Durántez, a decana da Facultade de Óptica e Optometría da USC, María Jesús Giráldez, Francisco Javier Cerdan Nuñez e Luca Piccotti. Charla “Capturando o Universo: Unha Viaxe a través da Astrofotografía” impartida por Francisco Javier Cerdan Núñez na Aula Magna da Facultade de Óptica e Optometría.



Figura 5: *Actividade da observación solar cun grupiño do alumnado do programa PECAS 2025.*

ALUMNADO DA FACULTADE DE FÍSICA EN PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NO OBSERVATORIO

Durante o curso 2024-2025, os estudantes da Facultade de Física da USC, David Area Castro e Nerea Puime Martínez, realizaron as súas prácticas académicas externas no Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC coa supervisión dos titores, o Profesor José Ángel Docobo e o Doutor Luca Piccotti.



Figura 6: O Profesor Docobo, David Area, Nerea Puime, e Luca Piccotti dentro da cúpula do telescópio Ritchey-Chrétien.



Figura 7: De esquerda a dereita: Nerea Puime, o Doutor Luca Piccotti, o catedrático emérito José Ángel Docobo, e David Area, no xardín do Observatorio.

08/03/2025: Concello de Bóveda do 8 de marzo, Día da Muller Traballadora.



Figura 8: Participantes na sesión informativa do 8 de marzo en Bóveda sobre mulleres que fixeron historia na astronomía. De esquerda a dereita: O Doutor Luca Piccotti, Nerea Puime Martínez, o Profesor José Ángel Docobo, Ángel Costas Castro, José Manuel Arias, alcalde de Bóveda, Eva Seijas Insua, Dionisio Blanco, concelleiro de servizos sociais, e Cristina Juíz, concelleira de cultura e xuventude.



Figura 9: *Intervención da alumna Nerea Puime no Acto divulgativo do 8 de marzo no Concello de Bóveda.*

Sección de divulgación

VISITAS AO OBSERVATORIO

Atendidas polo Profesor José Ángel Docobo e o Doutor Luca Piccotti.

1. 09/09/2024: Semana do patrimonio invisible 2024 (2 grupos de 15 persoas)



Figura 10: O Profesor Docobo ensinando os libros de Ramón María Aller na biblioteca do Observatorio durante a Semana do Patrimonio Invisible.

2. 10/09/2024: Semana do patrimonio invisible 2024 (2 grupos de 15 persoas)
3. 11/09/2024: Semana do patrimonio invisible 2024 (2 grupos de 15 persoas)
4. 13/09/2024: Grupo de particulares (10 persoas)

5. 23/09/2024: Programa Benvida USC (2 grupos de 25 alumn@s)
6. 24/09/2024: Programa Benvida USC (2 grupos de 25 alumn@s)
7. 22/10/2024: Visita diurna do Colegio Compañía de María (Santiago de Compostela)
(2 grupos de 15 persoas)
8. 23/10/2024: Visita diurna do Colegio Compañía de María (Santiago de Compostela)
(1 grupo de 25 persoas)
9. 28/10/2024: Visita diurna do EASD Mestre Mateo (Santiago de Compostela)
(25 persoas)
10. 10/12/2024: Visita didáctica con observación nocturna. Escola Semente de Santiago
de Compostela (20 persoas)
11. 11/12/2024: Visita con observación nocturna (particular) (3 persoas)
12. 14/01/2025: Sesión de observación nocturna para o IES Eduardo Pondal (Santiago
de Compostela) (2 grupos de 20 persoas)
13. 17/01/2025: Visita diurna do CEIP Quiroga Palacios (Santiago de Compostela)
(20 persoas)
14. 22/01/2025: Visita diurna do IES Enrique Muruais (A Pontenova, Lugo)
(14 persoas)
15. 03/02/2025: Visita diurna do IES de Sar (Santiago de Compostela) (22 persoas)
16. 03/02/2025: Sesión de observación nocturna para o IES Illa de Ons (Bueu)
(2 grupos de 20 persoas)



Figura 11: O Profesor Docobo cun grupo de estudantes do IES Illa de Ons (Bueu) na Sala Meridiana durante a sesión de observación co refractor de Don Ramón María Aller.

17. 07/02/2025: Visita diurna do CEIP Cabada Vázquez (A Estrada)
(2 grupos de 20 persoas)



Figura 12: O Profesor Docobo e o Doutor Luca Piccotti cun grupo de estudantes do CEIP Cabada Vázquez (A Estrada) diante da entrada ao Observatorio.

18. 07/02/2025: Sesión de observación nocturna para a Asociación de familias da escola Semente de Santiago de Compostela (12 persoas)

19. 14/02/2025: Visita diurna do CPR San Jorge (Santiago de Compostela) (18 persoas)



Figura 13: Un grupo de estudantes do CPR San Jorge (Santiago de Compostela) na Sala Meridiana.



Figura 14: *Un grupo de estudantes do CPR San Jorge (Santiago de Compostela) co telescopio Meade.*



Figura 15: Luca Piccotti e José Ángel Docobo cun grupo de estudantes do CPR San Jorge (Santiago de Compostela) diante da entrada do Observatorio.

20. 19/02/2025: Visita diurna do IES Pazo da Mercé (As Neves) (26 persoas)
21. 28/02/2025: Sesión de observación nocturna. Colegio Waldorf Meniñeiros (Lugo) (23 persoas)

- 22. 14/03/2025: Visita diurna do CPI Camiño de Santiago (Arca)
(2 grupos de 28 persoas)
- 23. 17/03/2025: Visita diurna do CEIP Pío XII (Santiago de Compostela)
(2 grupos de 25 persoas)
- 24. 18/03/2025: Visita diurna do CEIP Pío XII (Santiago de Compostela)
(1 grupo de 25 persoas)
- 25. 24/03/2025: Visita diurna do IES Alexandre Bóveda (Vigo) (2 grupos de 25 persoas)
- 26. 31/03/2025: Visita diurna do Colexio infantil Compañía de María
(Santiago de Compostela)
- 27. 28/04/2025: Visita diurna do IES As Insuas (Muros) (24 persoas)



Figura 16: José Ángel Docobo e Luca Piccotti cun grupo de estudantes e os profesores do IES As Insuas (Muros).



Figura 17: O profesor Docobo explicando o Sistema Solar con pelotiñas á rapazada.

28. 24/05/2025: Visita didáctica para profesorado - Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) (24 persoas)



Figura 18: Sesión de observación solar cos participantes do CAFI.

29. 27/05/2025: Visita didáctica do CPR VILAS ALBORADA (Santiago de Compostela) (20 alumn@s + 2 docentes)



Figura 19: Observación solar cos alumnos do CPR Vilas Alborada.

30. 17/06/2025: Visita didáctica do IES Nº 1 de O Carballiño (Ourense)
(20 alumn@s)
31. 02/07/2025: Visita didáctica do Verán CampUSC (Fundación USC)
(2 grupos de 20 persoas)
32. 08/07/2025: Visita didáctica do Centro de Educación Infantil Dolores Ramos –
Colexio Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela) (clase 5 infantil)
(24 nenos/as + 4 profesores)

33. 09/07/2025: Visita didáctica do Centro de Educación Infantil Dolores Ramos –
Colexio Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela) (clase 4 infantil)
(24 nenos/as + 4 profesores)



Figura 20: O Doutor Luca Piccotti co telescopio portátil durante unha observación nocturna no xardín do Observatorio.

SAÍDAS A DIVERSOS CENTROS

Coa participación de José Ángel Docobo, Luca Piccotti, Ángel Costas, Nerea Puime, David Area, Eva Seijas, e María Brea.

1. 07/11/2024: Biblioteca Pública Ánxel Casal, Santiago de Compostela.
2. 11/11/2024: IES Plurilingüe de Ames.

3. 12/11/2024: IES A Basella, Vilanova de Arousa.



Figura 21: Charla no IES A Basella, impartida polo Doutor Luca Piccotti.



Figura 22: Observación nocturna no xardín do IES A Basella cos dúas telescopios portátiles impartida por Luca Piccotti e María Brea Mato.

4. 18/11/2024: IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela.
5. 04/12/2024: Centro Penitenciario de Monterroso.



Figura 23: Programa de divulgación “Aula Aberta de Astronomía” no Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo). De esquerda a dereita: Luca Piccotti, Nerea Puime Martínez, Eva Seijas Insua, e Ángel Costas Castro.

CONFERENCIAS

1. 03/10/2024. VII Encuentro Internacional Starlight. Cee. “*El pasado astronómico de Lalín y el actual Destino turístico Starlight*” por José Ángel Docobo Duránte.



Figura 24: José Ángel Docobo no evento celebrado en Cee.

2. 10/10/2024. Lalín. “*José Rodríguez González. Unha persoa intelixente, lista, inqueda, namorada do saber, traballadora, emprendedora, nobre, leal, e comprometida. Un científico completo.*” por José Ángel Docobo Duránte.



Figura 25: Cartaz das Xornadas Conmemorativas do Sed.



Figura 26: *Participantes na conferencia sobre a vida e obra do matemático José Rodríguez, O matemático de Bermés.*

3. 22/02/2025. Lalín. Charla-coloquio por José Ángel Docobo.



Figura 27: *Charla-coloquio en Lalín diante do embaixador de Xapón en España, pregoeiro da festa do cocido de Lalín 2025.*

4. 27/03/2025. Aula Magna da Facultade de Matemáticas da USC. “*A eclipse solar parcial deste sábado (29/03/2025), e a total do 12 de agosto de 2026 e as vindeiras eclipses solares en Galicia.*” por José Ángel Docobo Duránte.
5. 27/03/2025. Lalín. “*A eclipse solar parcial deste sábado (29/03/2025), e a total do 12 de agosto de 2026 e as vindeiras eclipses solares en Galicia.*” por José Ángel Docobo Duránte.
6. 03/04/2025. Colexio Marista Santa María (Ourense). “*Sobre diversas cuestións astronómicas.*” por José Ángel Docobo Duránte.



Figura 28: Conferencia no Colexio Maristas Santa María (Ourense).

7. 24/04/2025. Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. “*Un século de investigación, docencia, e divulgación no Observatorio Astronómico Ramón María Aller.*” por José Ángel Docobo Duránte.




Figura 29: Conferencia na Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago.

SESIÓN PÚBLICA DA ECLIPSE PARCIAL DE SOL DO DÍA 29 DE MARZO 2025



Figura 30: Xunto ao telescopio, e de esquerda a dereita: José Ángel Docobo, Luca Piccotti, e Ángel Costas Castro.



Figura 31: Imaxe do sol eclipsado obtida cos novos proxectores mercados recentemente.



Figura 32: Lentes especiais encargadas polo Observatorio para as eclipses solares que terán lugar nos anos 2025, 2026, 2027, e 2028.



Figura 33: *Nenas observando a eclipse con lentes especiais proporcionadas polo Observatorio.*



Figura 34: *Grande interese na observación da eclipse.*

ACTIVIDADES PREVISTAS ESTE VERÁN

- Lalín Destino Turístico Starlight:

1) 09 de xullo. 20 H. Museo Ramón María Aller.

Conferencia “*Contraste de los cielos estrellados de Chile y Galicia*” a cargo da astrónoma chilena Camila Caballero.

2) 25 de xullo. 21 H. Roteiro das estrelas.

En Bermés, terra do matemático Rodríguez. Conducida por José Ángel Docobo, Carmen Villanueva, Luca Piccotti, Nerea Puime, Eva Seijas, Ángel Costas, e David Area.

3) 12 de agosto. 21:30 H. Noite das perseidas.

Anoitecer de verán e observación das Perseidas dende **Rodelas**. A cargo de José Ángel Docobo, Luca Piccotti, Ángel Castro, Nerea Puime, e David Area.

4) 20 de agosto. 20 H. Museo Ramón María Aller.

Charla da astrónoma Eva Seijas. “*Canto tempo quedalle ao Sol?*”

Observación telescópica dende o Observatorio conducida por Luca Piccotti

- Noites Astronómicas

1) 29 de xullo. Pico Sacro de Boqueixón.

2) 2 de agosto. Rianxo.

3) 22 de agosto. Santa Comba.

4) 30 de agosto. Sanxenxo.

Sección de investigación

ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS

XXIII Jornadas de Trabajo en Mecánica Celeste en Vila Nova de Cerveira (Portugal), 26 – 28 de junio de 2025 – XXIII International Workshop on Celestial Mechanics in Vila Nova de Cerveira (Portugal), 26 – 28 de junio de 2025

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
OBSERVATORIO ASTRONÓMICO "RAMÓN M^{te} ALLER"

CITMAG CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA

XXIII Jornadas de Trabajo en Mecánica Celeste

International Workshop on Celestial Mechanics

Vila Nova de Cerveira (Portugal), 26-28 de junio de 2025

$M_1=1.0g$ $M_2=25.0g$ $d=10.0cm$ $P=1.5e+05s$

100 años

COMITÉ CIENTÍFICO

- David Arnas
- Pedro Pablo Campo
- José Ángel Docobo (Coordinador)
- Antonio Elípe (Coordinador)
- José Manuel Ferrándiz
- Anna Guerman
- Tilemahos Kalvouridis
- René Méndez
- Jesús Palacián
- Ana Isabel Pascual
- Mercè Ollé

COMITÉ ORGANIZADOR

- Pedro Pablo Campo Díaz
- José Ángel Docobo Duránte (Coordinador)
- Luca Piccotti
- María Carmen Villanueva Pérez

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES

AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

NOVA de CONGRESOS

CERVEIRA VILA DAS ARTES

Figura 35: Cartaz das XXIII Xornadas de Traballo en Mecánica Celeste.

PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS

1. 07 – 11/04/2025: IX Reunión de Astronomía Dinámica en Latino América (ADeLA) na Universidade de Atacama (Chile). O investigador Luca Piccotti asistiu e presentou a comunicación titulada “*Speckle Interferometry from Ramón M^a Aller Astronomical Observatory: A Review*” da que tamén son coautores J. A. Docobo, V. Tamazian, J. Gomez-Crespo, e P. P. Campo.



Figura 36: *Asistentes de ADeLA@Atacama 2025. Crédito: Ramiro Cortez/Martin Altmann.*

2. 26 – 28/06/2025: XXIII Jornadas de Trabajo en Mecánica Celeste en Vila Nova de Cerveira (Portugal). O Profesor Docobo e o Dr. Luca Piccotti presentaron a comunicación “*Sobre la posibilidad de que pudiera existir una exomoon habitable similar a la Tierra en el sistema estelar HD 133131*” da que tamén son coautores Gabriel Rodríguez-Moris e Pedro Pablo Campo.



Figura 37: Foto de grupo de participantes no congreso de Vila Nova de Cerveira.
Crédito: Luís Ráñez.

3. 17 – 18/07/2025: I Congreso Galego de Investigación en Astronomía e Astrofísica en Vigo. O Profesor José Ángel Docobo presentou a comunicación titulada "*O comezo da investigación astronómica en Galicia*".



Figura 38: Foto de familia dos asistentes ao congreso en Vigo.

ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

O Profesor René Méndez e a alumna de máster, Camila Caballero Valdés, da Universidade de Chile estiveron no Observatorio da USC para levar a cabo unha estadía de investigación dende o 24 de xuño ata o 12 de xullo.



Figura 39: Dá esquerda a dereita, o Dr. Luca Piccotti, o Profesor René Méndez e o Profesor José Ángel Docobo.

ÓRBITAS ANUNCIADAS NAS TRES CIRCULARES DE INFORMACIÓN DA INTERNATIONAL ASTRONOMICAL UNION (IAU) PUBLICADAS NO PRESENTE CURSO ACADÉMICO

O profesor Docobo, como editor da Information Circular of the IAU Commission G1 (Binaries and multiple stars), publicou as Circulares No. 214 (Outubro 2024), 215 (Febreiro 2025), e 216 (Xuño 2025).

- Double Stars Information Circular No. 214 (October 2024):

- 1) STT 139 (ADS 5042):

Autores: M. Scardia, J.-L. Prieur, J. Ling, L. Pansecchi, R. Argyle, E. Aristidi, L. Piccotti, L. Maccarini, L. Abe, P. Bendjoya, J.-P. Rivet, and D. Vernet

- 2) A 366 AB (ADS 7384):

Autores: M. Scardia, J.-L. Prieur, J. Ling, L. Pansecchi, R. Argyle, E. Aristidi, L. Piccotti, L. Maccarini, L. Abe, P. Bendjoya, J.-P. Rivet, and D. Vernet

- 3) HDS 1824 (HIP 63490):

Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa

- 4) BU 798 (HIP 63754 – ADS 8764):

Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa

- 5) SEE 170 (HIP 64425):
Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa
 - 6) FIN 369 (HIP 66005):
Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa
 - 7) A 2074 AB (ADS 9645):
Autores: M. Scardia, J.-L. Prieur, J. Ling, L. Pansecchi, R. Argyle, E. Aristidi, L. Piccotti, L. Maccarini, L. Abe, P. Bendjoya, J.-P. Rivet, and D. Vernet
 - 8) GLE 3 (HIP 94789):
Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa
 - 9) B 997 (HIP 102892):
Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa
 - 10) A 883 (HIP 104878 – ADS 14775):
Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa
 - 11) B 1007 (HIP 105940):
Autores: J. A. Docobo, P. P. Campo, J. Gómez, L. Piccotti, R. A. Méndez, and E. Costa
- Double Stars Information Circular No. 215 (February 2025)
- 1) STT 4 (HIP 1224 – ADS 221):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI

- 2) BU 232 AB (ADS 684):
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI
- 3) STF 115 AB (ADS 1105):
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI
- 4) HO 328 (ADS 3102):
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI
- 5) A 2074 AB (HIP 75653 – ADS 9645):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 6) COU 982:
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 7) HU 1181 AB (ADS 10624):
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI
- 8) BU 1251 AB (ADS 10723):
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI
- 9) A 253 (ADS 11623):
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI
- 10) HU 757 BC (ADS 11979):
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI

- 11) SE 2 BC (HIP 94252 – ADS 12145):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 12) KUI 94:
Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI, PICCOTTI, MACCARINI
- 13) HO 581 (HIP 98001 – ADS 13125):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 14) STT 400 (HIP 99376 – ADS 13461):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 15) STT 448 (HIP 107060 – ADS 15215):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 16) A 889 (HIP 107849 – ADS 15378):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 17) BU 163AB (HIP 105200 – ADS 14839):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 18) MLR 3:
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 19) STT 536 AB (HIP 113445 – ADS 16417):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI
- 20) HO 197 AB (HIP 114504 – ADS 16576):
Autores: DOCOBO, CAMPO, GOMEZ, COSTAS & PICCOTTI

21) STT 500 AB (ADS 16877):

Autores: SCARDIA, PRIEUR, LING, PANSECCHI, ARGYLE, ARISTIDI,
PICCOTTI, MACCARINI, ABE, BENDJOYA, RIVET and VERNET

- Double Stars Information Circular No. 216 (June 2025)

1) I 5 (HIP 31711):

Autores: Docobo, Campo, Méndez, Costa, Piccotti

2) BU 1177 (HIP 15430 – ADS 2464 AB):

Autores: Docobo, Campo, Méndez, Costa, Piccotti

3) B 1935 (HIP 20342):

Autores: Docobo, Campo, Méndez, Costa, Piccotti

4) HU 29 (HIP 18655 – ADS 2921 AB):

Autores: Docobo, Campo, Méndez, Costa, Piccotti

5) FIN 307 (HIP 108431):

Autores: Docobo, Campo, Méndez, Costa, Piccotti

6) HD 133131 (HIP 73674 – ADS 9488 AB):

Autores: Docobo, Campo, Piccotti, Rodríguez- Moris

BÓLIDO DO 19 DE FEBREIRO DE 2025

O Observatorio Astronómico Ramón María Aller investigou o bólido verdoso visible na mañanciña do 19 de febreiro de 2025. Dito bólido, procedía do océano Atlántico e comezou a sobrevoar Galicia polas Rías Baixas, desaparecendo no ceo logro de tres fragmentacións ben entrado xa na provincia de Ourense. A pesar de estar o ceo nuboso en

boa parte de Galicia, foron numerosos os testemuños que aportaron valiosa información do mesmo.

REFERATOS

Durante este curso académico, J. A. DOCOBO foi requirido para avaliar artigos científicos polas seguintes revistas internacionais:

The Astronomical Journal (dúas veces). Q1

The Astrophysical Journal. Q1

Astronomy & Astrophysics. Q1

Astrophysics and Space Sciences. Q2

Astrophysics & Computation. Q2

Galaxies (dúas veces). Q2

ADQUISICIÓNS

No curso 2024/25, o Observatorio mercou o seguinte material para divulgación:

- 1) Dous telescopios solares de proxección Sunspotter



Figura 40: *Un dos dous telescopios solares mercados.*

- 2) Un telurio
- 3) Un planetario Star Theatre

BIBLIOTECA

Foron mercados os seguintes libros para a biblioteca do centro:

- 1) Astrofísica para jóvenes con prisas / Neil deGrasse Tyson y Gregory Mone; traducción, Adriana de la Torre Fernández
- 2) Guía para observar la Luna: la guía para astrónomos modernos / Gerald North; [traducción: Dulcinea Otero-Piñeiro]
- 3) Historia de la física del universo: cómo la astronomía se hizo física / Eduardo Battaner.
- 4) Introducción a la cosmología: de los neutrinos y la materia oscura hasta la física del universo primitivo / Lyman Page
- 5) Gran guía visual del cosmos: historia y conceptos clave / Toshifumi Futamase; con la colaboración de Toshihiro Nakamaru ; ilustraciones de Yu Tokumaru; traducción de Jesús Espí
- 6) Midiendo el cielo y la tierra: la aventura de medir el cosmos, de Eratóstenes a la paralaje estelar / Fernando J. Ballesteros
- 7) O matemático Xosé Rodríguez González (1770-1824): o "paseante da luz" no bicentenario do seu pasamento / Xosé A. Fraga (editor)
- 8) José Rodríguez González (1770 – 1824) – Un matemático sublime / Edición a cargo de Juan José Nieto Roig; Depósito Legal: C 1397-2024; DOI:

10.17075/jrgms.2024. Publicado pola Real Academia Galega de Ciencias e polo Concello da Cultura Galega.

CONTAMINACIÓN LUMINOSA

O Observatorio encargou á empresa Lumínica Ambiental un completo estudo sobre a contaminación luminosa na contorna do centro, logo de que o concello de Santiago colocara lámpadas led en todo o Campus Vida en agosto de 2024, con intrusión nos xardíns nos que se realizan actividades astronómicas.

Posteriormente foi enviado á Xerencia da USC e tamén ao concello, co cal mantivéronse dúas xuntanzas.

OUTRAS ACTIVIDADES

Homenaxe a José Rodríguez González, o Matemático Rodríguez

Por iniciativa do profesor Docobo, preparouse unha placa conmemorativa do 200 aniversario do pasamento do que pode considerarse o primeiro home de Ciencias de Galicia. O acto tivo lugar o día 1 de outubro de 2024 na igrexa de Santo Agostiño de Compostela onde está soterrado, e contou coa presenza do Conselleiro de Educación, do Reitor da USC, do Presidente da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), da Presidenta do Consello da Cultura Galega, do Arzobispo emérito, do Alcalde de Lalín, profesorado e público en xeral.

A placa atópase exposta en dita igrexa.

O Observatorio colaborou logo en diversos actos organizados pola RAGC, como os diferentes vídeos gravados, a exposición que se moveu por Santiago, Lalín, Madrid, e Bruxelas, así como un libro José Rodríguez González, un matemático sublime.



Figura 41: Foto de grupo de participantes no acto de descubrimento da placa na igrexa de Santo Agostiño.



Figura 42: Foto da placa conmemorativa do 200 aniversario do pasamento do matemático Rodríguez.

SECCIÓN DE METEOROLOXÍA

- Estación manual: Propiedade da USC. Como é habitual, realizáronse ininterrompidamente durante todo o período, (incluídos sábados, domingos, e festivos), observacións meteorolóxicas dúas veces ao día (ás 08 e 18 UTC), de temperatura máxima e mínima, precipitación, humidade, vento, insolación, e estado do ceo.

Mensualmente os datos son enviados ao Centro Territorial da AEMET na Coruña.

Observadores: J.A. Docobo e M. Pardo.

A serie de datos obtidos nesta estación constitúe a serie completa mais antiga da cidade de Santiago.

- Estación automática oficial da AEMET en Santiago de Compostela. Funcionamento ininterrompido.
Controlada polos datos acadados na estación manual.



Figura 43: *A garita meteorolóxica do Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC.*

PAXINA WEB

O Dr. Luca Piccotti é o webmaster do Observatorio Astronómico R. M. Aller.

=====

Asinado: Prof. JOSÉ ÁNGEL DOCOBO DURÁNTEZ

Asinado: Dr. LUCA PICCOTTI